


Xoga e aprende

Educachess

6



Xoga e aprende



Edita: Balàgium Editors, SL
info@balagium.com
www.balagium.com

info@educachess.org
www.educachess.org



Edición:	Agosto 2015
ISBN:	978-84-15184-54-6
Depósito legal:	L-1226-2015
Diseño cuberta:	Pere Fradera Barceló
Maquetación:	Jordi Prió Burgués
Ilustracions:	Ramon Mayals Marbà

© Jordi Prió Burgués
Joaquín Fernández Amigo
Imma Farré Vilalta
Balàgium Editors, SL
Ramon Mayals Marbà



Reservados todos os dereitos.

Ningunha parte desta publicación pode ser reproducida, almacenada ou transmitida por ningún medio sen permiso do editor.

Índice

Presentación	5
O xadrez: un deporte de interese	6
Unidade 1. Mate do couce	9
Esquemas de mate	11
Evitar o xaque mate	13
Unidade 2. Evitar a descuberta	21
Recursos	23
Observacións	25
Unidade 3. Mate da escaleira	33
Esquemas de mate	35
Evitar o xaque mate	37
Unidade 4. Evitar a cravada.....	45
Recursos	47
Observacións	49
Unidade 5. Mate vergonzoso	57
Esquemas de mate	59
Evitar o xaque mate	61

Unidade 6. Contraataque	69
Ameazando mate	71
Ameazando outra peza	73
Observacións	75
Unidade 7. Resultado dunha partida	81
Tipos de resultado	83
Material insuficiente	85
Observacións	87
Unidade 8. Táboas por repetición	93
Repetición de xogadas	95
Xaque continuo	97
Observacións	99
Anexo	
Pezas recortables	105

Presentación

A colección Xoga e aprende pretende contribuír á educación integral dos alumnos e alumnas nos centros educativos de primaria utilizando o modelo das intelixencias múltiples.

Unha parte dos materiais preséntanse agrupados nestes seis libros, a través dos cales se potencian as capacidades intelectuais (razoamento, linguaxe, cálculo, percepción, memoria e intelixencia espacial). Ademais, o xadrez constitúe o centro de interese dos devanditos materiais, xa que fomenta o desenvolvemento das intelixencias múltiples. Por iso, ensínase simultaneamente e de forma moi elemental a xogar ao xadrez para que os alumnos e alumnas practiquen habitualmente este deporte.

Estes materiais permitirán mellorar o rendemento escolar de todo o alumnado, especialmente do que ten dificultades de aprendizaxe. Inicialmente, preténdese mellorar a atención, a concentración, o razoamento lóxico e o silencio para crear os hábitos correctos que favorezan a aprendizaxe das materias curriculares e das competencias básicas.

Metodoloxicamente, utilízase un deseño visual e atractivo, preséntanse os conceptos de forma progresiva e formúlanse exercicios de dificultade gradual, co obxectivo de favorecer a aprendizaxe das competencias e motivar o alumnado.

Os contidos de cada unidade están agrupados en dous bloques: o xadrecístico e o das capacidades intelectuais. No primeiro bloque, ensínanse conceptos moi básicos de xadrez que pode impartir o profesorado aínda que non teña coñecementos previos de xadrez. No segundo bloque, preséntanse exercicios relacionados coas capacidades intelectuais mencionadas anteriormente.

O material recollido neste libro permite ser traballado cos alumnos durante todo o curso escolar, cunha dedicación dunha a dúas horas semanais en horario lectivo (talleres, sexta hora, materia optativa etc.).

Estes libros forman parte do proxecto Educachess, que desexa contribuír a que o alumnado aprenda a ser competente e adquira uns bos hábitos e valores para afrontar a vida.

Máis información en www.educachess.org

O xadrez: un deporte de interese

O xadrez é un xogo de mesa recoñecido como deporte polo Comité Olímpico Internacional que presenta múltiples e interesantes vantaxes en todas as idades: non importa a idade que se teña para poder xogar unha partida; mulleres e homes poden competir entre si en igualdade de condicións; non existen diferenzas en cuestión de raza e, ademais, trátase dunha actividade popular e económica. Así pois, ante un taboleiro combinamos o entretemento coa formación integral da persoa.

Psicólogos e pedagogos, á parte dos profesionais do xadrez, sinalaron os múltiples beneficios que achega este xogo-deporte:

- No ámbito intelectual, é un instrumento que fomenta o razoamento lóxico-matemático, propio da área curricular de matemáticas. Ademais, resulta fundamental na resolución de calquera tipo de conflito da vida cotiá; aumenta a capacidade de atención e concentración, o cal converte o xadrez en actividade especialmente recomendable para alumnos con hiperactividade. Respecto do esforzo que require responder á xogada do adversario, o xadrez potencia os procesos de análise e de síntese; é dicir, exerce o estudo obrigado dunhas premisas, co fin de chegar a achegar solucións. Finalmente, a imaxinación e a creatividade póñense en funcionamento nunha especie de intercambio mental co adversario cando fai falta descubrir a estratexia do contrincante e elaborar unha propia.
- En canto á personalidade, o xadrez fomenta o control emocional, a capacidade de organización, a expresión verbal, a responsabilidade na toma de decisións e, cando se vai avanzando na súa práctica, a autoestima.
- No ámbito deportivo, como noutras disciplinas, practicar xadrez contribúe a educar na aceptación das regras propias do xogo e dos resultados, o cal, nun sentido cultural máis extenso, implica axudar a formar individuos tolerantes, abertos a novas ideas e predispostos a coñecer distintos puntos de vista.
- No ámbito da saúde, a práctica do xadrez comporta a estimulación continua do cerebro. Esta ximnasia mental favorece, en persoas maiores, o reforzo da memoria e o atraso da aparición dos síntomas das enfermidades neurodexenerativas propias da idade.

Mate do couce

- Esquemas de mate
- Evitar o xaque mate







Esquemas de mate

Normalmente este mate prodúcese nunha esquina do taboleiro onde todas as casas adxacentes ao rei están ocupadas por pezas do mesmo bando.


Realízase cun cabalo.




O cabalo dá mate porque o rei negro non pode moverse.



O alfil negro non pode capturar o cabalo, que dá mate, porque está cravado pola dama branca.





Aínda que o rei branco está no centro, tamén se encontra rodeado completamente polas súas pezas.





O cabalo dá mate porque o rei branco está totalmente bloqueado no seu enroque.



Indica cunha frecha que xogada deben facer as brancas para dar xaque mate.




Indica cunha frecha que xogada deben facer as negras para dar xaque mate.






Evitar xaque mate


Normalmente móvese algunha peza para dispoñer de casas de escapatoria para o rei ou deféndese a casa onde o cabalo ameaza con dar xaque on mate.




A torre defende a casa c7 e tamén xera unha casa de escapatoria para o rei negro.



Neste caso deféndese a casa b6 e, ademais, realízase unha ameaza dobre.





Hai varias posibilidades de defender a casa d3. Interesa mover a dama ou o alfil para poderse enrocar o antes posible.





En todos estes casos se defende a casa onde o cabalo ameaza mate e se xeran casas de escapatoria.



Indica con frechas que xogadas poden facer as negras para evitar o xaque mate.




Indica con frechas que xogadas poden facer as brancas para evitar o xaque mate.






Marca as casas onde colocarías a peza indicada ao pé do taboleiro para conseguir unha posición de xaque mate.

1




2




Rodea cun círculo as pezas do taboleiro que se deben quitar para que quede unha posición de xaque mate.

1





2







Rodea con círculo as pezas do pé do taboleiro que, se se colocan na casa indicada, resulta unha posición de xaque mate.





Marca as casas onde colocarías a peza indicada ao pé do taboleiro para converter un xaque ao rei en xaque mate.







Indica as coordenadas das peças da seguinte posição.



Coloca as seguintes peças no taboleiro segundo as coordenadas indicadas.

Utiliza as peças de xadrez que se encontram ao final do livro.





Ordena e clasifica os seguintes textos correspondentes á biografía de dous dos mellores xogadores da historia do xadrez.



Garry Kasparov

☐ ☐ ☐


Magnus Carlsen

☐ ☐ ☐

1

Proclamouse, por primeira vez, campión mundial no 2013 ao vencer a Viswanathan Anand. É primeiro xadrecista modelo de roupa masculina e está patrocinado por Microsoft.

2

Magnus dixo sobre o seu ex-adestrador e asesor Garry: "Realmente, Garry axudoume moito. Non soamente en canto ás aperturas, onde é o mellor experto do mundo, senón tamén no que se refire á psicoloxía".

3

Converteuse no campión do mundo máis novo da historia en 1985. Continuou sendo campión do mundo de xadrez ata o ano 2000. Ademais ganou en once ocasións o Óscar do Xadrez.

4

Naceu en Noruega no ano 1990. Aos oito anos empezouse a interesar polo xadrez. Cando tiña 13 anos e participaba no prestixioso torneo de Wijk aan Zee (Holanda), foi cualificado como o "Mozart do xadrez".

5

Garry Kasparov e Magnus Carlsen foron os dous xogadores máis novos que se converteron en campións mundiais de xadrez. Tamén os dous conseguiron superar os 2800 puntos de ELO FIDE.

6

É coñecido polas súas partidas contra computadoras e programas de xadrez, especialmente en 1997 ante Deep Blue. Retirouse en 2005 para dedicar o seu tempo á política e á escritura sobre temas de xadrez.

7

Os máis entendidos cren que atesoura o mellor dos grandes mestres da historia, converténdose nun xogador inigualable a día de hoxe. A xenialidade de Fisher, a estratexia de Karpov, a tremenda agresividade de Kasparov...

8

Naceu en Bakú (Azerbaixán) no ano 1963 (antiga URSS). Antes dos sete anos, empezou a estudar xadrez seriamente despois de que os seus pais lle propuxeran un problema de xadrez.



Cálculos sobre a auga consumida polos xogadores nun torneo de xadrez.



134 xogadores

Total 9 roldas (partidas), 5 pola mañá e 4 pola tarde



0,5 litros

1 botella = 0,19 €



1 paquete = 12 botellas

1 lote = 18 paquetes

1

Se nas roldas da mañá se dá unha botella por xogador, cantas botellas se necesitan?

$$\boxed{} \times \boxed{} = \boxed{}$$

2

Se nas roldas da tarde se dan dúas botellas por xogador, cantas botellas se necesitan?

$$\boxed{} \times \boxed{} \times \boxed{} = \boxed{}$$

3

Cantas botellas se necesitan para todo o torneo?

$$\boxed{} + \boxed{} = \boxed{}$$

4

Cantos paquetes?

$$\boxed{} : \boxed{} = \boxed{}$$

5

Cantos lotes?

$$\boxed{} : \boxed{} = \boxed{}$$

6

Cantos euros custan todas estas botellas?

$$\boxed{} \times \boxed{} = \boxed{}$$



Sopa de números.

Encontra e rodea os seguintes números nas filas, columnas e diagonais do taboleiro.

1	5	3	1	4	1	6	9	2	8
4	3	7	1	3	5	7	4	3	1
2	2	5	2	9	5	1	4	1	3
3	5	1	7	3	2	7	8	3	6
7	6	3	6	3	6	3	6	5	3
3	4	3	7	5	4	3	4	7	6
9	6	5	4	4	3	3	9	5	3
5	7	3	6	6	9	2	2	3	6
3	2	5	6	7	8	5	8	1	3
1	4	2	1	3	5	3	1	9	4

1



=


6363636

2




=

3



=

4



=

5




=

Evitar a descoberta

- Recursos
- Observacións






O alfil xogador de billar.

Pinta as casas para que a bola alcance a peza despois de rebotar o número de veces indicado.


1

2 rebotes




2

2 rebotes




3

3 rebotes




4

3 rebotes




5

4 rebotes



6


4 rebotes






Recursos

Capturar unha das pezas atacantes




As brancas ameazan o alfil e a torre das negras.




O cabalo negro captura o alfil branco e as brancas poderán capturar o alfil negro.

Mover unha peza para defender a outra







A torre e o cabalo brancos ameazan a torre e o alfil negros.



A torre ameazada polo cabalo móvese a f7 para defender o alfil.
Móvese a peza de maior valor.




Indica con flechas las xogadas para evitar as seguintes descubertas.






Recursos

Cravar a peza atacante




O mesmo exemplo da páxina 23, pero cunha solución diferente.




O cabalo queda cravado e, polo tanto, a torre negra non pode ser capturada.

Crear unha ameaza maior ou equivalente







Un exemplo similar ao anterior, pero con outra solución diferente.



A torre negra ameaza o cabalo. Ou se produce un cambio de alfil por cabalo ou o alfil poderase mover a unha casa non ameazada.




Indica con flechas as xogadas para evitar as seguintes descubertas.






Observacións

Unha peza ameazada interponse a outra ameazada




A torre e o cabalo negros quedaron ameazados.




A torre ameazada interponse entre o cabalo negro ameazado e a torre branca.

Unha das pezas ameazadas dá xaque




A dama e a torre negras quedaron ameazadas.



Co xaque obrígase a mover o rei. Despois a torre negra poderá ir a unha casa non ameazada.




Indica se se pueden evitar las siguientes descubiertas.
En caso afirmativo, indica las jugadas con flechas.




Si

Non




Si

Non



Si

Non



Si


Non




Completa as seguintes series de dominó co valor das pezas de xadrez.

Utiliza as pezas de xadrez que se encontran ao final do libro.


1




2




3



4



5





Le este artigo de prensa “Ajedrez en las aulas: argumentos irrefutables” de Leontxo García (*El País*, 11.02.2015). Indica onde se colocan os seguintes títulos.

Entre as moitas razóns de peso, e con sólida base científica para explicar as vantaxes do xadrez, citamos as dez seguintes:

1.

Non só a cognitiva, tamén a emocional, como indica un estudo da Universidade de La Laguna (Tenerife) de 2012, publicado en español e inglés. Ademais desenvolve, polo menos, cinco das oito intelixencias de Gardner: matemática, lingüística, espacial, intrapersonal e interpersonal (as outras tres son musical, corporal e naturalista).

2.

Hai suficientes indicios sólidos e estudos científicos para afirmar que a práctica frecuente do xadrez atrasa o envellecemento cerebral e, polo tanto, podería atrasar durante anos o mal de alzhéimer. É un excelente ximnasio mental.

3.

A lista de experiencias con éxito en diversos países (moitas delas en España) é longa: nenos hiperactivos (TDAH), con autismo, síndrome de Ásperger, superdotados, síndrome de Down, cancro infantil, talleres de desempregados, cárceres, reformatorios, rehabilitación de drogadictos...

4.

É o único deporte que se pode practicar e ensinar por internet.

5.

A Federación Internacional (FIDE) conta con 182 países afiliados; só o fútbol e o atletismo teñen máis.

6.

Abonda cun taboleiro e unhas pezas, ou nin iso se se practica cunha aplicación para ordenador ou teléfono.



7.

Está ligado á intelixencia.

8.

A súa invención remóntase, como mínimo, ao século V. O xadrez moderno, coas regras actuais, inventouse en España –moi probablemente en Valencia– a finais do século XV.

9.

Esta calidade e a anterior son recursos moi útiles para facer máis ameno e eficaz o traballo de pedagogía e difusión de profesores e periodistas.

10.

Por exemplo, o xadrez, a música e as matemáticas son as actividades que producen máis nenos prodixio. Ningunha computadora pode xogar aínda perfectamente ao xadrez –non o farán ata que existan as cuánticas– porque o número de partidas posibles (un 1 seguido de 123 ceros) é superior ao de átomos no universo coñecido (un 1 seguido de 80 ceros).



Mais de 15 séculos de historia



Universal



Infraestrutura de moi baixo custo



Adaptado ao século XXI



Ximnasio da mente



Desenvolve a intelixencia



Personaxes fascinantes



Outras aplicacións sociais



Boa imaxe




Conexións fascinantes coa ciencia e a arte



Fraccións nun taboleiro de xadrez.

- 1 Anota as fraccións das casas ocupadas polas pezas na seguinte posición.



	= $\frac{6}{64}$		= $\frac{\quad}{\quad}$		= $\frac{\quad}{\quad}$
	= $\frac{\quad}{\quad}$		= $\frac{\quad}{\quad}$		= $\frac{\quad}{\quad}$
	= $\frac{\quad}{\quad}$		= $\frac{\quad}{\quad}$		= $\frac{\quad}{\quad}$
	= $\frac{\quad}{\quad}$		= $\frac{\quad}{\quad}$		= $\frac{\quad}{\quad}$

- 2 Calcula a suma das fraccións das casas ocupadas polas pezas brancas.

$$\frac{\quad}{\quad} + \frac{\quad}{\quad} + \frac{\quad}{\quad} + \frac{\quad}{\quad} + \frac{\quad}{\quad} + \frac{\quad}{\quad} = \frac{\quad}{\quad}$$

- 3 Calcula a suma das fraccións das casas ocupadas polas pezas negras.

$$\frac{6}{64} + \frac{\quad}{\quad} + \frac{\quad}{\quad} + \frac{\quad}{\quad} + \frac{\quad}{\quad} + \frac{\quad}{\quad} = \frac{\quad}{\quad}$$

- 4 Calcula a suma das fraccións das casas ocupadas por todas as pezas.

$$\frac{\quad}{\quad} + \frac{\quad}{\quad} = \frac{\quad}{\quad}$$






Colocar damas nos seguintes taboleiros sen que se ameacen entre si.
Encontra máis solucións realizando simetrías.

Utiliza as pezas de xadrez que se encontran ao final do libro.



1

4 damas





2

5 damas



3


6 damas




Mate da escaleira

- Esquemas de mate
- Evitar o xaque mate





Debuxa as letras e números resultantes despois de aplicar os xiros indicados.






Esquemas de mate


É un mate similar aos mates do corredor ou do tubo.

Utilízanse dúas torres ou unha torre e unha dama.


O caso de final de rei con dúas torres contra rei xa se explicou na unidade 2 do libro 3.




A dama e a torre avanzan alternativamente ata dar mate. A dama defende a torre de ser capturada.



A torre dá mate na casa c1 e a outra torre evita que o rei branco poida escapar.





A torre branca dá mate en d8.





A torre negra da columna c pode dar mate; a outra sería capturada.



Indica cunha frecha que xogada deben facer as brancas para dar xaque mate.



Indica cunha frecha que xogada deben facer as negras para dar xaque mate.







Evitar xaque mate

Xeralmente interponse unha peza para xerar casas de escapatoria ou evitar o xaque mate.


Se a peza interposta é unha torre, permite defenderse mellor.




A torre negra en d7 permítelle ao rei branco escapar por c7 ou intentar cambiar as torres.



Pódese interpor unha torre branca na columna e ou mover o rei á casa g1.





A torre negra móvese á fila oitava para evitar que unha torre branca avance e dea mate.





Pódense cambiar torres na columna d.



Indica con frechas que xogadas poden facer as negras para evitar o xaque mate.




Indica con frechas que xogadas poden facer as brancas para evitar o xaque mate.






Marca as casas onde colocarías a peza indicada ao pé do taboleiro para conseguir unha posición de xaque mate.

1




2




Rodea cun círculo as pezas do taboleiro que se deben quitar para que quede unha posición de xaque mate.

1




2






Marca as casas onde colocarías a peza indicada ao pé do taboleiro para converter un xaque ao rei en xaque mate.

1




2




Marca as casas onde colocarías o rei que falta para que quede unha posición de xaque mate.

1




2






Une as pezas de xadrez iguais, pero sen cruzar ningunha liña.

1




2




3




4




5




6




7



8



9





Clasifica as seguintes conxuncións segundo a tipoloxía.
Anota o número da tipoloxía nos recadros das conxuncións.

- | | | |
|----------------|----------------|----------------|
| 1 copulativas | 2 causais | 3 disxuntivas |
| 4 comparativas | 5 condicionais | 6 temporais |
| 7 finais | 8 consecutivas | 9 adversativas |

- | | | |
|-------------------------------------|--|---------------------------------|
| ☐ pero | ☐ e | ☐ porque |
| ☐ polo tanto | ☐ como | ☐ cando |
| ☐ antes que | ☐ non obstante | ☐ ou |
| ☐ nin | ☐ co fin de que | ☐ pois |
| ☐ senón | ☐ se | ☐ logo |




Completa as frases coa conxunción adecuada.
Anota o número da frase nos recadros das conxuncións.

- | | |
|---------------------------------|--|
| ☐ como | Prefires xogar unha partida 1 mirar a televisión? |
| ☐ e | Faite socio do club de xadrez 2 queres mellorar. |
| ☐ porque | O meu adversario non veu 3 non pode xogar a partida. |
| ☐ ou | Avísasme 4 termines a partida de xadrez. |
| ☐ pero | Este mozo pode ser tan bo 5 Magnus Carlsen. |
| ☐ cando | Perdiches a torre 6 non pensaches a xogada. |
| ☐ se | Gústame xogar ao xadrez 7 escoitar música. |
| ☐ logo | Non xogarei o torneo 8 gustaríame moito. |



Bingo con pezas de xadrez.
Resolve as operacións e risca os resultados nos cartóns.

Rodea con círculo o cartón ganador.



2		12	15	30
5	7	14	27	
6	10		29	45

	8	16	22	45
3	9		25	75
6	13	19	29	


3		10	18	22
4	6	13		25
	9	15	20	30

- 1  X 
- 2  - 
- 3  X 
- 4  +  + 
- 5  + 
- 6  - 
- 7  X 
- 8  X  - 
- 9  + 
- 10  - 
- 11  X 
- 12  X  + 
- 13  X 
- 14  + 
- 15  + 
- 16  X  - 
- 17  X  - 
- 18  X  X 
- 19  X  X 
- 20  X  - 
- 21  X  + 
- 22  X  X 




Reconstrúe a posición de xadrez a partir dos seguintes anacos do taboleiro.

Escrebe nas casas do taboleiro o número do anaco que se coloca enriba.




1




2


3



6




4




5



7



8




Unidade 4

Evitar a cravada

- Recursos
- Observações





Pinta e debuxa as casas do taboleiro coas cores e as tramas indicadas nas casas exteriores.

Diagram illustrating the coloring and patterning of a board game grid.

Legend:

- Cor de fondo:** Background color (indicated by a grey square).
- Trama do fondo:** Background pattern (indicated by a diagonal line pattern).
- Cor do peón:** Piece color (indicated by a yellow square).
- Trama do peón:** Piece pattern (indicated by a dotted pattern).

Color and Pattern Key:

Color	Pattern
Grey	Diagonal lines (bottom-left to top-right)
Orange	Diagonal lines (top-left to bottom-right)
Dark Blue	Grid pattern
Green	Diagonal lines (bottom-left to top-right)
Yellow	Diagonal lines (top-left to bottom-right)
Purple	Grid pattern
Red	Diagonal lines (bottom-left to top-right)
Blue	Diagonal lines (top-left to bottom-right)

Board Grid:

The board consists of 8 rows and 8 columns. Each cell contains a piece icon. The pieces are colored according to the 'Cor do peón' legend. The background color and pattern of each row are indicated by the 'Cor de fondo' and 'Trama do fondo' legends.


Trama do fondo: Indicated by a diagonal line pattern (bottom-left to top-right).

Trama do peón: Indicated by a dotted pattern.




Recursos

Defender a peza cravada




A torre negra crava o cavalo branco.




O outro cavalo defende o cavalo ameaçado.

Depois, o rei branco poderá mover-se para que o cavalo xa non estea cravado.

Capturar a peza atacante



O alfil branco crava a torre negra.







O cavalo dá xaque realizando unha ameaza dobre.

Depois de que se mova o rei, o cavalo cámbiase polo alfil.




Indica con frechas as xogadas para evitar as seguintes cravadas.






Recursos

Cravar a peza atacante




O alfil negro crava o cavalo branco.




A torre branca crava o alfil negro.
Depois poderase mover o rei branco para poder descravar o cavalo.

Crear unha ameaza maior ou equivalente







O alfil branco crava a torre negra.



A torre negra ameaza a dama branca para logo poder mover ou defender o alfil negro.




Indica con flechas as xogadas para evitar as seguintes cravadas.






Observacións

Interpoñendo unha peza




O alfil negro crava o cabalo branco.
O alfil branco pode interpoñerse para descravar o cabalo.




Neste caso, a peza cravada e a atacante teñen o mesmo valor.

Unha das pezas ameazadas dá xaque




O alfil branco crava a torre negra.



A torre negra dá xaque para logo poder mover a dama.




Indica se se pueden evitar las siguientes cravadas. En caso afirmativo, indica las jugadas con flechas.




Si

Non




Si

Non



Si

Non



Si

Non




Completa os enlaces de xadrez coas pezas indicadas de maneira que a suma dos círculos conectados a cada un dea o número indicado na lista.

Utiliza as pezas de xadrez, que se encontran ao final do libro.


1

	→	9
	→	1
	→	10
	→	4
	→	3




2

	→	8
	→	7
	→	8
	→	2
	→	10
	→	5




3

	→	9
	→	15
	→	4
	→	17
	→	7
	→	6



4

	→	11
	→	9
	→	5
	→	13
	→	16
	→	10





Colorea vinte palabras da seguinte entrevista para redactar con elas un resumo. Utiliza outra folla de papel.

[...] Ao fío do anterior, esa cultura polo **esfuerzo**, a disciplina e a vontade non cres que a temos un pouco “oxidada” ou, polo menos, esquecida? Estámonos “relaxando”?

Certo, e é natural, pois a sociedade moderna ofrece moitas comodidades e preséntanos solucións prefabricadas ou estándar para case todos os problemas que poidamos encontrar. Pero só mediante o esforzo poderemos atopar a mellor solución, adaptala, melloralala ou incluso innovar, abrindo novos camiños. [...]

Cales son os patróns que diferencia os xadrecistas á hora de afrontar unha decisión, respecto de alguén que é alleo e non está adestrado en xadrez?

Hai moitos, pero destacaría tres calidades decisivas: máxima concentración, capacidade empática –constantemente nos poñemos no lugar do rival– e criterio propio, non cremos en receitas máxicas.

Interésame seguir afondando neste tema, creo que é onde máis podemos aprender tanto as empresas como calquera de nós. Falas de diversos ámbitos que me gustaría comentar:

1. *Indicas que é imprescindible avaliar e diseccionar os erros, cando sabemos que estamos ante un erro?*

Por desgraza, moitas veces comprendemos os erros demasiado tarde, cando sufrimos as consecuencias. Os erros son imposibles de evitar, a clave está en aceptalos, admitir a nosa responsabilidade e reaccionar o antes posible, minimizando os danos. E, desde logo, previr, usando o sentido común; por exemplo, nunca cambies de ordenador o teléfono móbil xusto antes dunha viaxe.

2. *Falas dun método de avaliación, case forense, que é analizar as xogadas cara atrás para ver onde xurdiu o problema, en que consiste e como o podemos aplicar fóra do xadrez?*

En xadrez analizas o rival ao acabar a partida: comprender as razóns da derrota é o único modo de encontrar consolo. A análise perfecta debería facerse en sentido inverso, partindo do xaque mate e retrocedendo xogada a xogada ata atopar o momento crítico en que se rompeu o equilibrio. Na empresa podería facerse igual, pero poucas veces nos tomamos o tempo necesario para comprender as razóns reais dun fracaso, adoita preferirse o método de proba e erro. Se algo non funciona, probamos outra cosa. Dese modo, o prezo que se paga ao final adoita ser moi alto.

3. *Un dos grandes problemas é decidir ante infinitas posibilidades (ou moitas). Temos que xestionar a incerteza –non sabemos que pasará no futuro–, temos que decidir e ter tantas vías pódennos paralizar, como aborda este reto un xadrecista e que lle recomendas a alguén que non saiba de xadrez?*

Cunha necesaria dose de pragmatismo, o xadrecista pronto comprende a importancia de racionalizar os obxectivos. Non se pode pretender xogar perfecto, pero é necesario xogar mellor ca o rival. Na vida, e na empresa, sucede algo parecido. Non é imprescindible ser o número un, pero debemos esforzarnos por ser o bastante bos como para ser felices e estar orgullosos do noso desempeño.

[...]

Pódese ler o artigo enteiro na súa versión orixinal no idioma español en:

<http://www.sintetia.com/miguel-illescas-para-ser-creativo-estudia-mucho-y-luego-duda-de-lo-que-aprendas/>



www.ajedrezyempresa.com



Miguel Illescas



Calcula o tempo que terás de aparcamento en zona azul.




Minutos	€
10	0,10
15	0,15
20	0,25
30	0,40
45	0,75
60	1,20
75	1,65
90	2,00
120	3,00
150	3,50
180	4,00




De compras nunha librería de xadrez.

1 Debuxa as agullas do reloxo da dereita (fin do estacionamento).



2 Indica as moedas utilizadas para estacionar durante o intervalo de tempo indicado polos reloxo.






Coloca o número indicado de damas en cada taboleiro. Nunha mesma fila, columna ou diagonal non pode haber tres damas aliñadas.


Utiliza as pezas de xadrez que se encontran ao final do libro.

1




4 damas

2




4 damas

3




6 damas

4




6 damas

5




6 damas

6




6 damas

7




10 damas

8




10 damas

9




6 damas

10



8 damas

11




12 damas

Mate vergonzoso


- Esquemas de mate
- Evitar o xaque mate






Pinta as casas, a partir da casa verde, para debuxar dous segmentos que formen os ángulos indicados.


1 Agudo




2 Obtuso



3 Recto





4 Plano





Pinta as casas para debuxar as arestas das seguintes figuras xeométricas. As arestas posteriores, de cor gris.

1 Cubo



2 Pirámide de base cadrada







Esquemas de mate

Son mates que se realizan cun peón.


Para iso necesítase que colaboren outras pezas, xa sexa para defender o peón, xa sexa para ameazar as casas de escapatoria do rei.




O peón avanza unha casa e dá mate.
O alfil e o outro peón brancos ameazan as casas de escapatoria do rei negro.



O peón da columna dá mate porque todas as casas de escapatoria están ameazadas.





O peón negro captura o peón branco e dá mate. O peón queda defendido polo cabalo.





O peón dá mate porque as outras tres pezas negras ameazan todas as casas de escapatoria do rei branco.



Indica cunha frecha que xogada deben facer as brancas para dar xaque mate.




Indica cunha frecha que xogada deben facer as negras para dar xaque mate.






Evitar xaque mate


Normalmente móvese algunha peza ou captúrase algunha das do adversario para dispoñer de casas de escapatoria.




Se o peón da columna **a** avanza, o rei pode mover a b7 porque o cabalo bloqueou a ameaza do alfil branco.



Ao avanzar o peón branco xérase unha casa de escapatoria para o seu rei.





A captura do peón negro co peón branco evita as ameazas das negras.





